

Nota inicial

No 8 de Setembro de 2004, moitos galegos e galegas ficamos meio orfos, cando nos deixou Manuel María. Un ano despois, a Comisión organizadora dos actos de homenaxe ao escritor e amigo, composta pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística e mais a Confederación Intersindical Galega-Ensino, celebran o Congreso MANUEL MARÍA. LITERATURA E NACIÓN, cuxas *Actas* tes agora, leitora-leitor, nas mans. Deste xeito, volvémoslo ter vivo entre nós, porque a pretensión común das entidades organizadoras foi, a mantenta, aproveitar a conmemoración non só como acto de memoria e de xustiza para quen tanto e tan ben significou a Galiza -na literatura e na cultura toda-, senón tamén como oportunidade para aproximármonos á variedade e densidade da súa obra poliédrica e inmensa.

Foi así como o Congreso se plantexou desde os seus primeiros preparativos como un panel de coñecemento e interpretación de produción tan rica e significativa na contemporaneidade galega como a de Manuel María. Xunto á análise da obra, que, privilexiando a poesía, abranxe, porén, todos os xéneros, non podía faltar a recordación humana, do amigo e protector, do escritor sempre xeneroso e pronto a satisfacer cantas demandas lle faciamos, de erudito de vasta cultura que resolvía, cunha memoria prodixiosa, cantas preguntas lle formulabamos. Observará, quen ler estes textos, que todos coinciden, dunha forma absolutamente unánime, en salientar a bonhomía, a entrega á nación, as cualidades de afecto e bondade que acompañaron sempre a persoa e a conduta do noso escritor. Tamén resultaba obrigado -para o cumprimento daquel obxectivo- a inclusión de conferencias que evocasen o tempo histórico e político -a segunda metade do século XX- en que produciu a súa obra, máxime cando Manuel María é o primeiro escritor novo, no interior da Galiza, en volver resucitar a literatura galega, abruptamente interrompida polo desenlace da guerra civil española.

O Congreso contou tamén cun *revival*, da súa obra poético-teatral, a cargo de poetas e dramaturgos, así como a interpretación, *in vivo*, de varios dos seus poemas musicados, e cantados en directo, por Aurora López, acompañada do cuarteto de cámara Moriatov. A todas elas, a todos eles, ponentes e intérpretes, o noso máis vivo agradecemento.

Editamos a práctica totalidade de intervencións do Congreso (os escritores da súa xeración Xosé Luís Méndez Ferrín e María Xosé Queizán non puideran acudir ao recital de poemas de / sobre Manuel María; interveu no mesmo, para alén de Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg e Bernardino Graña, Marica Campo; todos eles, introducidos e moderados por Lois Diéguez; así mesmo, desculpou a súa ausencia o escritor e xornalista portugués Viale Moutinho). Respeitamos ao máximo a textualidade de cada autor-a, mesmo naqueles casos en que se garda fidelidade a unha comunicación oral e moi próxima co público. Esta é a razón de se poderen observar variantes na escrita dos diferentes intervinientes, que, sendo galego de pleno dereito, non alteramos. Si corriximos, como é de rigor, grallas ou erros evidentes.

Confiamos en que a lectura de todos estes traballos familiarice o público, máis unha vez, coa obra e a riqueza histórico-literaria da obra de Manuel María. Agradecemos de novo á Universidade da Coruña -en cuxa Facultade de Filoloxía se celebrou este Congreso- e a todas as institucións organizadoras e colaboradoras a súa disposición para que o mesmo chegase a bon porto. Este volume non é un punto de chegada: é un punto de partida para que a aproximación científica ao escritor e á súa obra conte cunha base sólida en futuros traballos e sexa convite para estudiosas-os da literatura galega e, dentro dela, de obra tan rica e atractiva.

Os editores

Galiza (A Coruña), Setembro de 2008